



Programa de

DESENVOLVEMENTO *2023* ESTRATÉXICO *2026*

Facultade de Educación e Traballo Social



Validación na Comisión de Calidade 9 de Marzo de 2023
Aprobación pola Xunta de Facultade 15 de Marzo de 2023



Facultade de
Educación e Traballo Social

Universidade de Vigo



Centro certificado
FIDES AUDIT

Cara á consecución dunha Facultade con accesibilidade universal



Sociedade



Persoas



Docencia



Recursos




Investigación

Sociedade

ÍNDICE

1. A aposta da Facultade pola calidade educativa e a atención á diversidade | [pax. 5](#)
2. Participantes na elaboración do Programa de Desenvolvemento Estratéxico | [pax. 8](#)
3. Metodoloxía de elaboración e tramitación do Programa de Desenvolvemento Estratéxico | [pax. 10](#)
4. Breves apuntamentos sobre a historia da Facultade de Educación e Traballo Social na atención á diversidade | [pax. 16](#)
5. Diagnose da situación actual do centro | [pax. 20](#)
6. Misión e visión da Facultade de Educación e Traballo Social | [pax. 26](#)
7. Liñas estratéxicas e Obxectivos de calidade | [pax. 28](#)



A APOSTA
DA FACULTADE
POLA CALIDADE
EDUCATIVA,
E A ATENCIÓN
Á DIVERSIDADE



O Programa de Desenvolvemento Estratéxico da Facultade de Educación e Traballo Social (PDE-FETS) é froito dunha reflexión colectiva, que se asenta nas súas raíces e identidade para deseñar unha proposta formativa sostible, humanista e en estreita conexión coa contorna. O marco de referencia que serviu como punto de partida foi o Plan Estratéxico da Universidade de Vigo (aprobado polo Claustro o 16 de decembro de 2020), no cal se define “a nosa Universidade como unha institución pública, autónoma, aberta á contorna e con vocación internacional, que promove a igualdade, a pluralidade, a accesibilidade, a sostenibilidade, a transparencia, o progreso económico e o benestar social de Galicia.” Así, a Facultade de Educación e Traballo Social pretende contribuír á consecución da misión da Universidade enfocando as súas liñas estratéxicas e obxectivos cara aos retos da nosa institución.

A Facultade de Educación e Traballo Social do Campus de Ourense conta cunha traxectoria de case 200 anos (1842-2023) formando profesionais do ámbito socioeducativo e os seus principios de actuación enmárcanse na procura da excelencia, a atención á diversidade, a igualdade de oportunidades e o dereito á diferenza.

Vicente Risco, director do noso centro a mediados do século pasado, xa foi pioneiro na defensa destes principios. O seu Plan Pedagóxico de 1921 é un canto á diversidade plasmado na súa reflexión “ser diferentes é ser existentes”.

En coherencia cos nosos valores, formamos un equipo humano multidisciplinar integrado por máis de 150 traballadores/as (PDI, PAS) pertencentes a máis de 40 áreas de coñecemento, cun obxectivo común: contribuír á formación de profesionais preparados para a atención á diversidade en contextos educativos e sociais.

A procura da calidade está presente na nosa forma de actuar e, en coherencia con este principio, a Facultade desenvolveu ao longo dos últimos quince anos un Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC) eficiente e consolidado, que permitiu enfocar os nosos retos e avaliar a súa consecución.

Os primeiros anos desta andaina supuxeron un importante esforzo institucional para o deseño e implementación de protocolos, normativas e procesos de control, culminado satisfactoriamente no ano 2017 coa obtención da Certificación da Implantación do SGIC no Centro. De forma paralela a este esforzo normativo, a Facultade foi consciente da necesidade de xerar na nosa comunidade unha verdadeira cultura de calidade, estimulando a visibilización do impacto positivo que os procesos de calidade teñen no conxunto da vida da institución.

Con satisfacción, no momento da redacción deste Programa de Desenvolvemento Estratéxico, podemos considerar que a madurez do SGIC nos permite novos retos relativos aos obxectivos, estratexias de intervención e accións de calidade.

*“Ser diferentes é
ser existentes”*

*Vicente Risco
Profesor en 1916 e director desde 1934
Escola Normal de Ourense*



Este PDE-FETS pretende guiar as accións deste centro no período 2023-2027 tendo como premisas de actuación a necesaria simplificación dos procesos de calidade e a consideración do centro desde unha perspectiva holística. En primeiro lugar, apostamos por un PDE-FETS motivante para a comunidade implicada, de utilidade real e cunha visión económica do esforzo burocrático. Isto implica unha coidadosa selección dos obxectivos, así como dos procesos e as ferramentas para a súa medición e control. En segundo lugar e, en relación co anterior, unha visión integradora de todas as dimensións que conforman o centro favorecerá un enfoque de intervención máis eficiente e significativo para as persoas implicadas.

Compartimos unha visión humanista e sistémica dos procesos educativos, considerando que as diferentes dimensións (docencia, investigación, persoas, recursos e sociedade) constitúen un todo de natureza dinámica, complexa e interdependente. Unha acción coordinada de todas as dimensións favorecerá avances que van máis alá da suma das partes. A partir desta perspectiva, as liñas estratéxicas e obxectivos das diferentes dimensións serán abordadas de modo interrelacionado, co fin de favorecer sinerxías que impulsen o centro á consecución da súa visión: *conformar, de modo colaborativo, un espazo formativo con accesibilidade universal que transcenda as aulas e xere contextos de aprendizaxe inclusivos e promotores da diversidade. Tomamos, polo tanto, como modelo de referencia o Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA) co fin de avanzar cara a unha aprendizaxe que favoreza a igualdade de oportunidades e unha educación inclusiva real.*

Con este fin, procúrase o enriquecemento dos plans de estudo e as actividades docentes con contidos e metodoloxías de especial interese para a atención á diversidade. En coherencia, sensibles ao impacto da contorna e os espazos nos que se forman os futuros educadores e profesionais da intervención social, pretendemos avanzar cara á consecución dunha Facultade con accesibilidade universal, que constitúa un modelo de referencia, aprendizaxe e investigación tanto para PDI, como para PAS e estudantado. O deseño, implementación e avaliación deste proceso serán desenvolvidos polos grupos de investigación do centro expertos en diferentes campos de atención á diversidade (xénero, diversidade funcional, diversidade intelectual, maiores, patrimonio cultural, infancia e adolescencia en risco e colectivos vulnerables en xeral). Así mesmo, contarase coa colaboración de entidades sociais que representan a estes colectivos (ONGs, concellos, fundacións, empresas, asociacións,...) estreitando aínda máis as relacións do centro coa sociedade. Este ambicioso e motivante reto require de planificación, recursos e compromisos que se plasman neste PDE-FETS.


A continuación, preséntase o proceso seguido para a súa definición, comezando pola exposición dos colectivos e persoas participantes, a metodoloxía seguida para o seu deseño, os resultados da avaliación reflexiva inicial, a creación da misión e a visión da Facultade, para finalizar coa definición das liñas de actuación e o establecemento dos obxectivos a alcanzar.

A todas as persoas que foron construíndo o noso proxecto ao longo dos case 200 anos de historia e as que nos toca poñer en marcha o camiño deseñado, moita ilusión e grazas polo voso esforzo!

Equipo Decanal



PARTICIPANTES NA ELABORACIÓN DO PLAN ESTRATÉGICO



O 17 de decembro de 2021, a Xunta de Centro da Facultade aprobou a creación da Comisión do Programa de Desenvolvemento Estratéxico, que, por acordo unánime, quedou constituída polos membros da Comisión Interna de Garantía de Calidade máis todos os membros da comunidade universitaria da Facultade que presentaron a súa candidatura antes do 31 de xaneiro de 2022.

Integrantes da Comisión

PDI, PAS, estudiantado e egresados



Acuña Ferreira, Virginia (PDI, Área de Lingua española)
 Carrera Fernández, María Victoria (PDI, Coordinadora do Grao en Educación Social)
 Casado Neira, David (PDI, Área de Socioloxía)
 Casal de la Fuente, Lucía (PDI, Área de Didáctica da Expresión Musical)
 Cid Fernández, Xosé Manuel (PDI, Decano da Facultade)
 Conde Rodríguez, Angeles (PDI, Directora do Departamento de Psicoloxía Evolutiva e comunicación)
 Díaz Fernández, Xosé Antón (PDI, Área de Xeografía)
 Díaz Pereira, María del Pino (PDI, Vicedecana de Calidade)
 Doval Ruíz, María Isabel (PDI, Área de Didáctica e Organización escolar)
 Faílde Garrido, José María (PDI, Director do Departamento de AIPSE)
 Fernández Simo, Jesús Deibe (PDI, Coodinador de Prácticum)
 Fernández Vázquez, María del Mar (PDI, Área de Didáctica da lingua e da literatura)
 García Señorán, María del Mar (PDI, Coordinadora do Mestrado de dificultades de aprendizaxe e Procesos Cognitivos e Responsable do Plan de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo da Facultade)
 González Rodríguez, Rubén (PDI, Representante do Mestrado en Intervención Multidisciplinar na Diversidade)
 Herves Fortes, Álvaro (Representante do Alumnado na Xunta de Centro)
 Iglesias Álvarez, Ana María (PDI, Coordinadora do Grao en Educación Primaria)
 Iglesias Domínguez, Raquel María (PAS, delegación da Administradora do Campus)
 López Viso, Mónica (PDI, Coordinadora do Grao en Traballo Social)

Martínez Carrera, Sara (Representante do Alumnado Egresado)
 Membiela Iglesia, Pedro (PDI, Área de Didáctica das Ciencias Experimentais)
 Méndez Fernández, Ana Belén (PDI, Área de Traballo Social e Servizos Sociais)
 Mociño González, Isabel (PDI, Coordinadora do Grao en Educación Infantil)
 Raposo Rivas, Manuela (PDI, Área de Didáctica e Organización Escolar)
 Ricoy Lorenzo, M^a Carmen (PDI, Coordinadora do Máster en Profesorado en ESO, Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas)
 Seoane Pérez, Emilia (PDI, Área de Teoría e Historia da Educación)
 Tellado González, Fernando (PDI, Área de Psicoloxía Evolutiva)
 Vázquez Figueiredo, María José (PDI, Coordinadora do Plan de Acción Titorial)

Representantes da sociedade

Doval Soto, Manuel (Funcionario da Prisión Provincial de Pereiro de Aguiar. Ministerio de Xustiza)
 Pato Rodríguez, Santiago (Funcionario do Corpo de Mestres da Consellería de Educación da Xunta de Galicia)

METODOLOGÍA DE ELABORACIÓN E TRAMITACIÓN DO PLAN ESTRATÉGICO



Os traballos de preparación do Programa de Desenvolvemento Estratéxico da Facultade de Educación e Traballo Social comezaron o 17 de decembro de 2021, coa aprobación na Xunta de Centro dunha comisión para a elaboración do PDE-FETS da Facultade. O proceso finalizou coa súa validación na Comisión de Calidade do Centro e a aprobación definitiva pola Xunta de Facultade o 8 de marzo de 2023.

O PDE-FETS está dispoñible a través da páxina web, tanto para a comunidade universitaria como para a sociedade no seu conxunto. Ademais, ofrécese unha copia en formato braille, depositada na sede do Decanato.

A elaboración do PDE-FETS foi un proceso liderado pola propia Facultade seguindo o procedemento DE01-05 "Programación e desenvolvemento Estratéxico". Tomando como punto de partida o Plan Estratéxico da Universidade e a particular idiosincrasia da Facultade (antecedentes, identidade propia, fortalezas, debilidades, oportunidades, ameazas), desenvolveuse un proceso de análise e toma de decisións colaborativo que implicou a diferentes grupos de traballo (subcomisións dos Graos de Educación Infantil e Primaria, Grao de Educación Social e Grao de Traballo Social, así como subcomisión de mestrados). As diferentes accións desenvolvidas, os axentes implicados e os rexistros e evidencias que recollen as decisións adoptadas poden observarse no seguinte cadro.



Data	Evidencia	Axentes Implicados/as	Accións desenvolvidas e acordos
15/12/2021	15/12/2021	Membros da Comisión Permanente	Accións: Anúnciase a creación dunha comisión para a elaboración do Programa Estratéxico da Facultade.
17/12/2021	Acta Xunta de Centro	Membros da Xunta de centro	Aprobación da creación dunha comisión para a elaboración do Plan Estratéxico da Facultade. Apróbase por unanimidade que devandita comisión estea constituída polos membros da Comisión de Garantía de Calidade, máis todos os membros da comunidade universitaria da Facultade que desexen sumarse.
Con data 19 de Xaneiro de 2022, envíase dende o decanato correo a todos os membros da comunidade solicitando que presenten a súa candidatura para formar parte de Comisión do PDE-FETS. Con data 22/02/2022 publicación da relación de membros que constituirán a Comisión			
04/03/2022	Acta da Comisión do PDE-FETS	Membros da Comisión do PDE-FETS e Responsables da Área de Calidade da UVigo	Constitución da Comisión de Calidade. Establecemento de liñas Xerais do PDE-FETS; Planificación do traballo. Asesoramento dos responsables da Área de Calidade para o axeitado desenvolvemento do proceso.
04/03/2022	Acta da Comisión de Calidade	Membros da Comisión de Calidade	Aprobación do Procedemento DE01 -ÍNDICE 05: Programación e desenvolvemento estratéxico

25/03/2022	Acta	Membros da Comisión do PDE-FETS	<p>Aprobación da acta da sesión do 04/03/2022.</p> <p>Definición da carreira profesional docente; Eleccións de Subcomisións de traballo (Másters, Graos de Educación e Traballo Social e Graos de Maxisterio).</p> <p>Planificación do traballo que realizará cada subcomisión.</p>
01/04/2022	Acta	Subcomisión de Mestrados	Acordos tomados con respecto aos obxectivos do Plan Estratéxico da Uvigo (2021-2026): 1, 2, 3, 4, 5; Acordo dunha próxima reunión o 22/04/2022.
06/04/2022	Acta	Subcomisión de Educación Social e Traballo Social	Acordos tomados con respecto aos obxectivos do Plan Estratéxico da Uvigo (2021-2026): 1, 2, 3, 4; Acordo dunha próxima reunión o 19/04/2022.
19/04/2022	Acta	Subcomisión de Educación Social e Traballo Social	Acordos tomados con respecto aos obxectivos do Plan Estratéxico da Uvigo (2021-2026): 1, 2, 3, 4; Acordo dunha próxima reunión o 04/05/2022.
22/04/2022	Acta	Subcomisión de mestrados	Debátese sobre a calidade do centro e as posibilidades realistas: nicho de mercado, internacionalización, características da oferta formativa funcional e de calidade etc; Revisanse as propostas achegadas.
08/04/2022	Acta	Subcomisión Maxisterio	Acórdase, concibir e presentar o centro como Facultade especializada en formación de profesionais para a atención á diversidade en contextos educativos e sociais. Acórdase celebrar a seguinte reunión o venres 22 de abril.
22/04/2022	Acta	Subcomisión de Maxisterio	Acórdase partir do documento de traballo coas achegas realizadas polos diferentes membros da subcomisión e facer unha lectura conxunta para avanzar na concreción das propostas. Acórdase enviar o documento de traballo coas propostas do Obxectivo 1 revisadas para sometelas ao acordo. Acórdase que cada membro da comisión continúe coa revisión do resto de obxectivos. Acórdase propoñer como data de celebración da seguinte reunión o día 10 de maio de 2022.

04/05/2022	Acta	Subcomisión de Educación Social e Traballo Social	Acordos tomados con respecto aos obxectivos do Plan Estratéxico da Uvigo (2021-2026):1, 2, 3, 4, 5, 6, 26, 27, 28; Acórdase a próxima reunión o mércores 18 de maio, para toda a Comisión
10/05/2022	Acta	Subcomisión de Maxisterio	Acórdase continuar co debate do obxectivo 2 de cara á posta en común coas outras subcomisións; estudar as implicacións que ten a implantación da formación dual nos Graos de Educación Infantil e Primaria; estudar as implicacións de crear títulos propios ou vías alternativas de formación (recursos e necesidades); explorar a posibilidade de deseñar un plan de actividades que non se solapen ao longo do curso académico e que promovan a perspectiva multidisciplinar.
25/05/2022	Acta	Membros da Comisión do PDE-FETS	Posta en Común das conclusións das diferentes subcomisións. Definición conxunta da Misión e Visión. Establecemento de prazos para a redacción dun primeiro borrador.
O Equipo Decanal, en base aos acordos adoptados, procede á redacción do Documento CERO do PDE-FETS e a Política e Obxectivos de Calidade do Centro			
03/02/2023	Acta	Membros da Comisión do PDE-FETS	Aprobación do Documento CERO.
08/02/2023-23/02/2023			
Envío para a súa supervisión pola Área de Calidade.			
Presentación e exposición pública na Web do Centro do Documento CERO.			
Recepción de achegas dos grupos de interese.			
03/02/2023	Acta	Membros da Comisión do PDE-FETS	Valoración das achegas e establecemento de acordos para a súa incorporación ao texto ou transacción.

Redacción do documento FINAL do PDE-FETS e Política e Obxectivos de Calidade do Centro

Envío para a súa supervisión pola Área de Calidade

09/03/2023	Acta	Membros da Comisión de Calidade do Centro	Debate e validación do PDE-FETS e da Política e Obxectivos de Calidade.
09/03/2023	Acta	Membros da Xunta de Facultade	Aprobación do Procedemento DE01- ÍNDICE 05: Programación e desenvolvemento estratéxico
15/03/2023	Acta	Membros da Xunta de Facultade	Debate e aprobación do PDE-FETS e da Política e Obxectivos de Calidade.
16/03/2023	Comunicación decanato	Equipo Decanal	Documento PDE-FETS enviado para o seu arquivo á área de calidade da Universidade de Vigo
/03/2023	Web	Equipo Decanal	Publicación do PDE-FETS e Políticas e Obxectivos de Calidade na Web do centro. Accións encamiñadas a garantir a accesibilidade do PDE-FETS a todas as persoas (Braille, material Audible).

**BREVES
APUNTAMENTOS
SOBRE A HISTORIA
DA FACULTADE
DE EDUCACIÓN E
TRABALLO SOCIAL**



A Facultade de Educación e Traballo Social é herdeira dunha longa traxectoria na formación de profesionais sensibles coa diversidade. A Escola Normal de Ourense, única institución de educación superior durante décadas, foi un centro de referencia para a promoción cultural e profesional do alumnado procedente do medio rural, en particular, das mulleres. Cando as condicións políticas e sociais o permitiron, o patrimonio natural e cultural galego foi incorporado á práctica académica, nunha clara aposta pola identidade, a diversidade, a igualdade e a coeducación. A Escola Normal de Maxisterio, que contou entre o seu profesorado con Marcelo Macías, Jesús Soria, Vicente Risco ou Ernestina Otero, por citar só algúns nomes, é un claro precedente no camiño que hoxe construímos cara a unha formación de profesionais activistas na docencia, na investigación e a acción social a prol do respecto á diversidade e aos dereitos das persoas.

Xa nos anos setenta, nun contexto normativo e social máis favorable, a Escola Universitaria e o Colexio Universitario intensificaron o traballo a prol desta misión que agora recolleemos no noso PDE-FETS. Estes centros comezaron a formar profesionais especializados nos diversos campos curriculares, desde as áreas máis científicas ás máis artísticas, con atención especial ás novas esixencias pedagóxicas e psicolóxicas.

Ademais, no final do franquismo, Ourense foi pioneira no acceso de persoas con diversidade intelectual á educación e escolarización, concretamente nos centros de educación especial creados polo patronato María Soriano, que chegou a contar con sete en toda a provincia. Nos anos oitenta deuse un salto cualitativo coa integración destas persoas nas aulas ordinarias. Este paso decisivo cara á inclusión foi protagonizado polo profesorado de EXB formado na Escola de Maxisterio e na Sección de Ciencias da Educación do Colexio Universitario. Un colectivo que, ademais da formación inicial recibida, seguiu en contacto coa Universidade a través de accións de formación permanente: semanas pedagóxicas, xornadas, encontros, congresos, cursos de verán etc., ou continuou formándose nos cursos ponte de acceso aos segundos ciclos das licenciaturas.


Neste proceso de cambio, o compromiso e dinamismo dos centros universitarios ourensáns viuse reflectido no elevado número de profesorado asociado e dirixente de Movements de Renovación Pedagóxica, tales como Nova Escola Galega, Asociación Sociopedagóxica Galego-Portuguesa, Asociación Galega da Lingua, Instituto Sociopedagóxico Galego ou Ponte nas Ondas.

Pola súa parte, moito alumnado formado nestes centros, guiado sempre polos principios de diversidade e respecto aos dereitos da infancia, pasou a incorporarse ás diferentes profesións educativas, levando ás súas aulas ese mesmo concepto de inclusión.

Na década dos noventa, a creación da Universidade de Vigo permitiu a incorporación á oferta formativa da Facultade de novas titulacións (Educación Social, Traballo Social, Psicopedagogía, Máster de Xénero, Máster de Diversidade, Máster de Dificultades de Aprendizaxe, programas de doutoramento), que afondaron na inclusión educativa dentro e fóra das aulas. Estas novas apostas formativas contribuíron á actual especialización do centro na formación de profesionais sensibilizados coas ideas de diversidade e respecto polos dereitos das persoas, independentemente da súa



Marcelo Macías



Ernestina Otero

procedencia, orixe social, xénero, crenzas, aptitudes ou calquera outro indicador da necesaria actuación con criterios de equidade.

Xunto coa incorporación de novos títulos na década dos noventa, afrontáronse modificacións dos plans de estudo, sendo asignado ao noso centro a formación de mestres en educación especial. Desempeñaron un papel destacado na consolidación desta especialidade as liñas estratéxicas desenvolvidas dende o Departamento de Psicoloxía Evolutiva e da Educación, como a diversidade intelectual, a mellora da aprendizaxe e dos procesos cognitivos, así como o desenvolvemento de estratexias e programas para a atención das persoas con necesidades de apoio educativo. Entre as liñas estratéxicas abordouse a formación permanente de mestres en activo centrados na Pedagogía Terapéutica (1997) e na Audición e Linguaxe (1998); así mesmo, participouse de forma activa na Asociación Española de Educación Especial (AEDES), na edición da revista *Educación, Desarrollo y Diversidad* e na organización de xornadas e encontros de profesionais, ao tempo que se puxo en marcha o título propio, Máster de Educación e Terapia da Linguaxe, que se ofertou durante varios anos.

Nos outros títulos existentes na Facultade (Educación Social, Traballo Social, Doutoramento) abordáronse outras dimensións da diversidade tales como a Educación para a Paz e a Interculturalidade, a sustentabilidade, os estudos de xénero, a xerontoloxía, o patrimonio cultural, a animación sociolaboral en colectivos vulnerables ou os servizos sociais especializados. Podemos destacar así mesmo a súa visibilización en congresos e encontros de educación pola paz (anuais desde 1986), de pacifismo, feminismo e ecoloxía (1992) ou sobre actores sociais e factores de cambio no medio rural (1997). De especial relevancia neste sentido son os Cursos de Verán realizados en Chaves, en convenio coa UTAD, nos que especificamente se desenvolveu un curso sobre “A Escola e a Diversidade Cultural” en 1993.

A raíz da implantación do Espazo Europeo de Educación Superior, e con vixencia no momento de redacción deste PDE-FETS, a Facultade mantén a mención de Educación Especial e ademais puxo en marcha o mestrado de Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos, implantado no curso 2008-2009, e o de Dificultades de Aprendizaxe e procesos cognitivos, no 2009-2010, así como os estudos de doutoramento dende 2013. Con esta formación especializada búscase capacitar os educadores e profesionais da intervención social para a detección, organización e implementación de medidas de atención á diversidade, que respondan á ampla demanda dos contextos educativos e sociais e á necesaria formación permanente dos profesionais en exercicio, tal como demostra a continuada demanda no tempo que teñen estes mestrados, nos que participan graduadas/os e profesionais de toda Galicia, doutras comunidades e de países estranxeiros. Estes títulos gozan dun recoñecido prestixio, asentado na ampla nómina do claustro de docentes e investigadores especialistas na atención á diversidade.

Por último, no Programa de Doutoramento en Ciencias da Educación e do Comportamento, título propio do centro, destacan as liñas de investigación centradas na diversidade, cun volume importante de teses e publicacións neste campo. Ademais, o noso profesorado participa tamén noutros programas de doutoramento, que abordan igualmente temáticas relativas á diversidade, como os estudos sobre a realidade de menores en sistemas de protección, a inmigración, a saúde, a equidade e os procesos de envellecemento, por citar algúns.




Jesús Soría



Vicente Risco

Reforzar estas liñas de atención á diversidade considérase estratéxico no futuro da Facultade, de xeito que o alumnado e o profesorado se especialice cada vez máis, ao mesmo tempo que continuamos traballando man a man con aquelas entidades públicas e privadas cuxos esforzos avanza nesta mesma dirección.



DIAGNOSE DA SITUAÇÃO ACTUAL DO CENTRO



A análise da actual situación da Facultade de Educación e Traballo Social e da súa contorna fíxose mediante unha análise DAFO (debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades). Esta reflexión foi unha ferramenta clave no desenvolvemento do presente programa. Unha síntese das conclusións acadadas preséntase na seguinte táboa. En función desta análise, definíranse posteriormente as liñas estratéxicas do noso centro e os obxectivos e metas a acadar. Preténdese unha posta en valor das nosas fortalezas para superar as debilidades, controlar as ameazas e aproveitar as oportunidades.



Dimensión interna



Debilidades

- 1 | Existencia de barreiras arquitectónicas que limitan a accesibilidade e mobilidade das persoas.
- 2 | Baixa vertebración, integración e cooperación entre os grupos de investigación para atopar sinerxías no ámbito da atención á diversidade.
- 3 | Dificultades de acceso a financiamento para desenvolvemento de I+D+I por parte dos grupos investigadores.
- 4 | Escasa accesibilidade e adaptación dos portais de información e ferramentas informáticas corporativas.
- 5 | Interacción bidireccional mellorable entre o tecido empresarial e a Facultade de cara á participación conxunta en actividades de investigación e transferencia.
- 6 | Escasa visibilidade do centro como referente histórico na formación de profesionais en atención á diversidade.
- 7 | Nas guías docentes das materias, non están suficientemente explícitos os contidos e metodoloxías relacionadas coa atención á diversidade.
- 8 | Pouca divulgación dos proxectos e publicacións das investigadoras da Facultade relacionados coa atención á diversidade.

Dimensión interna



Fortalezas

- 1 | Recursos Humanos especializados en atención á diversidade en diferentes contextos e nas diferentes etapas do ciclo vital.
- 2 | Antecedentes históricos e prestixio social do centro na formación de educadores e profesionais do ámbito social para a atención á diversidade.
- 3 | Oferta actual de titulacións de grao e máster no ámbito socio-educativo que dan resposta ás demandas sociais na formación de profesionais para atención á diversidade.
- 4 | Único centro en Galicia que reúne nun mesmo centro os títulos de grao en educación (mención educación especial), educación social e traballo social, proporcionando un contexto académico óptimo para ser considerado un centro especializado en diversidade.
- 5 | Forte compromiso institucional do centro cos obxectivos recollidos na axenda 2030, con especial atención á educación de calidade, igualdade de xénero, redución das desigualdades e contribución no deseño de cidades e comunidades sostibles. Neste senso destaca o recoñecemento institucional do centro co Distintivo de Igualdade da Universidade de Vigo.
- 6 | Compromiso oficial do centro coa diversidade lingüística; a Facultade participa dende o ano 2019 no programa de normalización lingüística para a lingua galega impulsado pola universidade de Vigo e a Xunta de Galicia.
- 7 | Centro histórico na formación de mestras e mestres especialistas en linguas estranxeiras, sendo o único de Galicia que oferta a mención de francés.
- 8 | Elevado número de convenios con empresas e institucións especializadas en atención á diversidade, formando parte dalgunha tan emblemática como é a Asociación Ponte nas Ondas, entidade consultora da UNESCO en temas de patrimonio inmaterial galego-portugués.
- 9 | Posición estratéxica para atraer alumnado do norte de Portugal.
- 10 | Un sistema de calidade ben asentado que consta de acreditacións e de selos de excelencia.
- 11 | Incorporación nos últimos anos de profesorado a tempo completo, cunha importante renovación do PDI.
- 12 | Equipos de investigación que publican en revistas de gran impacto.

Dimensión externa



Ameazas

- 1 | Previsible perda de estudantes debido ao contexto sociodemográfico dos próximos anos.
- 2 | Competencia co resto das universidades do sistema universitario de Galicia de cara a acadar a exclusividade na especialización como centro de referencia na formación de profesionais para atención á diversidade.
- 3 | Menor atractivo como cidade interior para captar estudantado tanto de Galicia como foráneo.
- 4 | Restricións e rixidez impostas polo actual financiamento.

Dimensión externa



Oportunidades

- 1 | Necesaria actualización dos plans de estudo, o que permitirá adecuar as titulacións ao programa estratéxico do centro.
- 2 | Apertura do mapa das titulacións do sistema universitario galego.
- 3 | Actual conexión de Ourense por tren rápido coa meseta e co resto de Galicia (Santiago de Compostela-Coruña).
- 4 | Proximidade xeográfica e lingüística da Facultade con cidades da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.
- 5 | Previsible aumento da demanda de investigación e profesionais especializados na mellora da calidade de vida das persoas maiores.

MISIÓN E VISIÓN DA FACULTADE DE EDUCACIÓN E TRABALLO SOCIAL



Misión da Facultade

Contribuír á construción dunha sociedade máis diversa e inclusiva a través da formación de profesionais expertos en atención á diversidade, así como de investigacións que posibiliten a mellora da vida das persoas, con especial atención ás máis vulnerables.

Visión

A Facultade de Educación e Traballo Social é un centro público, esencialmente de natureza presencial, que imparte formación de grao e posgrao enfocada á formación de profesionais do ámbito socioeducativo. Cun percorrido xa histórico neste eido, o noso centro promove a igualdade, a pluralidade e a inclusión. Persegue este reto mediante unha ensinanza e investigación de calidade sempre aberta ás novas necesidades e tendencias en educación e intervención social, pero partindo do propio como modo de integración na diversidade.

Pretendemos conformar un espazo formativo con accesibilidade universal que transcenda as aulas xerando contextos de aprendizaxe inclusivos e promotores da diversidade. Pretendemos ser unha Facultade de referencia na Universidade de Vigo e no sistema Universitario de Galicia en canto á inclusión e atención á diversidade, capaz de captar alumnado con intereses e sensibilidades cara á diversidade, así como talento docente e investigador experto neste ámbito.



LIÑAS ESTRATÉXICAS E OBXECTIVOS DE CALIDADE



Formación

Obxectivo 1 do Plan Estratéxico da Universidade de Vigo

Promover unha oferta de grao e de posgrao plurilingüe, sostible e de calidade contrastada, tanto presencial coma en liña, en consonancia coa demanda da contorna

Liña estratéxica FETS 1

Consolidar e promover unha oferta de títulos especializada na atención á diversidade en contextos educativos e sociais

Obxectivos de calidade

Curso 2023-2024

AVALIACIÓN DIAGNÓSTICA

Deseñar procedementos e ferramentas para a identificación de recursos de atención á diversidade nas guías docentes
Identificar as materias das diferentes titulacións que conteñen contidos, metodoloxías e recursos de atención á diversidade
Detallar/rexistrar as materias que non se adecúan á misión do programa estratéxico e que son susceptibles de mellora

Curso 2024-2025

DESEÑO, APROBACIÓN E IMPLEMENTACIÓN

Adaptar as guías docentes reforzando os contidos e metodoloxías enfocadas á atención á diversidade naquelas titulacións nas que o plan de estudos non sufra modificación
No caso de ser necesario, redeseñar os plans de estudos coa finalidade de adaptalos á misión do programa estratéxico

Curso 2025-2026

Continuar coa adaptación das guías docentes reforzando os contidos e metodoloxías enfocadas á atención á diversidade naquelas titulacións nas que o plan de estudos non sufra modificación
No caso de ser necesario, dar continuidade ao proceso de cambio dos plans de estudo

Formación

Obxectivo 1 do Plan Estratégico da Universidade de Vigo

Promover unha oferta de grao e de posgrao plurilingüe, sostible e de calidade contrastada, tanto presencial coma en liña, en consonancia coa demanda da contorna

Liña estratéxica FETS 2

Promover unha oferta de títulos asentada na innovación docente e as metodoloxías activas e colaborativas, en estreita conexión coas entidades da contorna especializadas en atención á diversidade

Obxectivos de calidade

Curso 2023-2024

AVALIACIÓN DIAGNÓSTICA

Deseñar procedementos e ferramentas para a identificación de materias das diferentes titulacións que fomenten a innovación docente a través de metodoloxías activas e colaborativas

Promover a participación activa de todo o PDI en proxectos de Innovación Docente da Facultade

Curso 2024-2025

DESEÑO, APROBACIÓN E IMPLEMENTACIÓN

Adaptar as guías docentes reforzando as metodoloxías activas e colaborativas que permitan unha maior e mellor atención á diversidade

Curso 2025-2026

Continuar coa adaptación das guías docentes reforzando as metodoloxías activas e colaborativas

Formación

Obxectivo 2 do Plan Estratégico da Universidade de Vigo

Desenvolver programas formativos conxuntos coas empresas e coas institucións que melloren a empregabilidade do estudiantado

Liña estratéxica FETS 3

Desenvolver accións formativas conxuntas con empresas e institucións especializadas en atención á diversidade

Obxectivos de calidade

Reforzar e fomentar as prácticas externas, así como a realización de TFGs, TFM e Teses de doutoramento en empresas e institucións na atención á diversidade en contextos educativos e sociais

Espazos e recursos

Obxectivo 11 do Plan Estratégico da Universidade de Vigo

Mellorar e xestionar de forma eficiente e sostible as infraestruturas universitarias

Liña estratéxica FETS 4

Avanzar na construción dunha Facultade de accesibilidade universal, que proporcione espazos e recursos que promovan aprendizaxes significativas para os futuros profesionais da atención á diversidade

Obxectivos de calidade

Curso 2023-2024

AVALIACIÓN DIAGNÓSTICA

Avaliar as barreiras de diferente índole (cognitivas, sensoriais, físicas) susceptibles de limitar a realización de actividades académicas, co fin de garantir a participación efectiva na vida universitaria de todas as persoas

A partir do diagnóstico anterior, establecer un plan de acción a curto (fase 1), medio (fase 2) e longo prazo (fase 3)

Explorar as posibilidades de obter recursos económicos para o desenvolvemento desta liña estratéxica

Curso 2024-2025

Implementar as accións previstas na fase 1 (curso 2024-2025)

Curso 2025-2026

Inicio das accións previstas na fase 2 (curso 2025-2026)

Investigación

Obxectivo 21 do Plan Estratégico da Universidade de Vigo

Potenciar e promover a visibilidade no ámbito internacional da actividade investigadora e da transferencia de resultados.

Obxectivo 23 do Plan Estratégico da Universidade de Vigo

Fomentar a transferencia nos distintos ámbitos universitarios

Liña estratéxica FETS 5

Fomentar a investigación e a transferencia dos grupos de investigación da FETS para acadar un espazo de aprendizaxe significativo para os futuros profesionais da atención á diversidade

Obxectivos de calidade

Curso 2023-2024

Mellorar a visibilidade na web institucional dos proxectos de investigación da Facultade, con especial atención aos vinculados coa atención á diversidade
Explorar posibles grupos interesados e deseñar fórmulas para o establecemento de acordos e compromisos

Curso 2024-2025

Incorporar os grupos de investigación da Facultade ás accións do equipo decanal enfocadas a acadar un espazo de aprendizaxe significativo para os futuros profesionais da atención á diversidade

Curso 2025-2026

Seguir coa incorporación dos grupos

Investigación

Obxectivo 20 do Plan Estratégico da Universidade de Vigo

Potenciar o recoñecemento dunha actividade investigadora de calidade

Liña estratéxica FETS 6

Potenciar o recoñecemento da actividade académica/investigadora orientada á atención á diversidade

Obxectivos de calidade

Curso 2023-2024

Promover un premio da Facultade ao mellor traballo de investigación orientado á atención á diversidade (TFG, TFM e teses de doutoramento)

Curso 2024-2025

Promover un premio da Facultade ao mellor traballo de investigación orientado á atención á diversidade (TFG e TFM)
Promover un premio da Facultade ao mellor traballo de investigación orientado á atención á diversidade (Tese de doutoramento)
Promover un premio da Facultade ao mellor proxecto de investigación orientado á atención á diversidade (PDI)

Curso 2025-2026

Manter os premios a TFGs, TFMs e teses de doutoramento
Promover un premio da Facultade ao mellor proxecto de investigación orientado á atención á diversidade (PDI)

Persoas

Obxectivo 27 do Plan Estratéxico da Universidade de Vigo

Definir e poñer en marcha unha política integrada de responsabilidade social que englobe a cooperación internacional, o voluntariado, a igualdade, a sostibilidade e a atención á diversidade

Liña estratéxica FETS 7

Definir e poñer en marcha unha política integrada de responsabilidade social no marco da FETS en relación coa atención á diversidade

Obxectivos de calidade

Elaborar un protocolo específico de coordinación en liña co Plan de Atención á Diversidade da Uvigo que garanta a igualdade de oportunidades no marco da FETS

Liña estratéxica FETS 8

Definir e poñer en marcha unha política integrada de responsabilidade social no marco da FETS en relación coa sustentabilidade ambiental

Obxectivos de calidade

Promover prácticas educativas baseadas en materiais de baixo impacto ambiental en coherencia cos principios de sustentabilidade ODS

Sociedade

Obxectivo 6 do Plan Estratégico da Universidade de Vigo

Mellorar a imaxe interna e o posicionamento nacional e internacional da Universidade de Vigo

Obxectivo 8 do Plan Estratégico da Universidade de Vigo

Impulsar a colaboración público-privada

Liña estratéxica FETS 9

Mellorar a imaxe e o posicionamento da FETS mediante a súa proxección como centro especializado en atención á diversidade

Obxectivos de calidade

Deseño da imaxe corporativa para a presentación da FETS como un centro especializado na formación de profesionais para a atención á diversidade

Promover a difusión do carácter especializado do centro a través de diferentes recursos e medios (web do centro, redes sociais, foros educativos...)

Liña estratéxica FETS 10

Impulsar accións conxuntas con entidades da contorna especializadas en atención á diversidade

Obxectivos de calidade

Promover a participación de entidades da contorna especializadas en atención á diversidade para a construción dun espazo de accesibilidade universal que contemple as últimas tendencias e innovacións dos contextos de intervención reais

Promover prácticas educativas conxuntas como modo de comunicación e transferencia bidireccional



Facultade de
Educación e Traballo Social

Universida de Vigo